

8 mar - 17.00 h.

Entroido Padrón'25

Desfile:

- Avda. Compostela
- Lágrimas
- Fondo de Vila
- Campo do Souto

Inscripcións:

Ata o 6 de marzo

- No Centro Social
- No correo cultura@padron.gal

Ficha de inscrición:

www.padron.gal

Máis información:

Centro Social do Concello
Campo do Souto, 2
15900 Padrón (A Coruña)
Tel: 981 81 13 29
cultura@padron.gal



Concello
de Padrón

O Concello de Padrón convoca un concurso de disfraces que se celebrará en Padrón o sábado de piñata, 8 de marzo de 2025, ás 17:00 h. e que se rexerá polas seguintes

BASES

Primeira. A inscrición dos/das participantes realizarase nas oficinas do Centro Social do Concello de Padrón, segundo ficha de inscrición, ata as 14:00 h. do día 6 de marzo. Poderanse realizar tamén inscricións por correo electrónico (cultura@padron.gal), deste xeito será imprescindible que a concellería de festexos confirme a recepción da folla de inscrición enviada a este correo.

Segunda. A orde do desfile rexerese pola data de inscrición. Aos grupos e comparsas a organización entregarálles o número de dorsal que se corresponderá co número de desfile ese mesmo día.

Terceira. Haberá seis modalidades para participar neste concurso: infantil individual de 0 a 14 anos, adulto individual maior de 14 anos, parella, comparsa/grupo de ata 20 membros, comparsa/grupo de máis de 20 membros e comparsa/grupo local de máis de 10 membros. A mesma persoa non poderá participar en máis dunha categoría.

Cuarta. Os/as menores de idade deben ir acompañados/as dunha persoa adulta ao longo do percorrido.

Quinta. Estableceranse os seguintes premios polas seguintes categorías:

Infantil individual	Adulto individual	Parella	Comparsa/grupo de ata 20 membros	Comparsa/grupo de máis de 20 membros	Comparsa/grupo local de máis de 10 membros
1º: 90,00 € 2º: 60,00 € 3º: 30,00 €	1º: 120,00 € 2º: 90,00 € 3º: 60,00 €	1º: 150,00 € 2º: 120,00 € 3º: 90,00 €	1º: 600,00 € 2º: 400,00 € 3º: 300,00 €	1º: 1.200,00 € 2º: 800,00 € 3º: 600,00 €	1º: 600,00 € 2º: 400,00 € 3º: 300,00 €

Sexta. As comparsas/grupos maiores de 40 membros percibirán unha gratificación de 250,00 €. As comparsas maiores de 10 membros do Concello de Padrón (que o 60% dos/das participantes estean empadroados/as neste concello) percibirán unha gratificación de 100,00 €. As asociacións e centros educativos do Concello de Padrón que participen neste concurso como comparsa/grupo percibirán unha gratificación de 200,00 €. Estas gratificacións non son acumulativas.

Sétima. Aos premios aplicaráselle a súa correspondente retención do IRPF segundo a lexislación vixente.

Oitava. O xurado estará presidido pola concelleira de Festexos e estará formado por un mínimo de catro e un máximo de seis vogais e dunha persoa da concellería de Cultura do Concello de Padrón que actuará como secretaria con voz pero sen voto. O xurado será nomeado pola concelleira de Festexos, e os vogais pertencerán a distintas asociacións e entidades deste concello, ou serán persoas vinculadas ao mundo da cultura e tradicións.

A resolución do concurso realizarase baixo os principios de transparencia, igualdade, non discriminación e obxectividade ao rematar o desfile, onde se valorarán aspectos como: a orixinalidade dos disfraces, a creatividade, a imaxinación e a posta en escena durante o percorrido do desfile en cada unha das categorías, reflectíndose o resultado nunha acta levantada ao efecto á que se lle dará publicidade no taboleiro de anuncios do Centro Social do Concello de Padrón. A resolución será inapelable e os premios poderanse declarar desertos se o xurado o considera oportuno.

Novena. A organización e o xurado resérvanse o dereito de descalificación por causas obxectivas como: non respectar o tempo límite marcado, incumplir deliberadamente a normativa viaria e/ou as indicacións da organización, atentar contra o bo gusto, a educación e o civismo, non respectar a igualdade de xénero e amosar actitudes xenófobas ou racistas.

Non se permite o consumo de alcohol e drogas durante o desfile nin estar baixo os seus efectos.

Décima. Todos/as os/as participantes, no momento de realizar a súa inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. O/a participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe. Coa realización da inscrición o/a participante admite que o organizador poida facer uso da imaxe de todos/as participantes en calquera formato, xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de comunicación etc...). Todos os dereitos de imaxe pertencen ao Concello de Padrón.

Undécima. Todos e todas os/as participantes deberán de estar ás 15:30 h. na N-550 (á altura da pensión restaurante Bar Grilo) para a entrega e colocación do seu dorsal e deberán realizar o desfile completo. Os/as participantes das categorías individuais e parellas poden estar entre as 16:00 e 16:30 h. dependendo do tempo que precisen para a montaxe do disface. O percorrido será pola N-550 (Avenida Compostela) ata a zona das Lágrimas, onde se desviará ata a Rúa Porta Fondo de Vila, rematando o desfile no Campo do Souto.

O Concello de Padrón non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, a si mesmos ou a terceiros, ocasionen os participantes e as carrozas deste desfile e concurso do Entroido 2025.

Décimo segunda. A participación neste concurso implica a aceptación plena destas bases, no non previsto nas mesmas será potestade do xurado ditaminar a solución que corresponda.